

7787 *LEI 6/2007, do 12 de abril, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para a modificación do réxime das ofertas públicas de adquisición e da transparencia dos emisores.* («BOE» 89, do 13-4-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Esta lei ten por obxecto modificar a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para incorporar parcialmente ao noso ordenamento dúas directivas comunitarias. Trátase da Directiva 2004/25/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa ás ofertas públicas de adquisición (Directiva de OPAS) e a Directiva 2004/109/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e pola cal se modifica a Directiva 2001/34/CE (Directiva de transparencia).

Ambas as dúas directivas forman parte do Plan de Acción dos Servizos Financeiros aprobado pola Comisión Europea en 1999, coa finalidade de impulsar a construción dun mercado único financeiro para a Unión Europea. A primeira persegue fomentar un mercado de control empresarial eficiente ao mesmo tempo que protexe os dereitos dos accionistas minoritarios das sociedades cotizadas. A segunda trata de dotar de maior transparencia os mercados financeiros a través do establecemento de normas que melloren a información que lle deben dar ao mercado os emisores cuxos valores se negocian en mercados regulados. A transposición de ambas as dúas directivas completárase cando se aprobe o desenvolvemento regulamentario desta modificación en virtude do mandato outorgado ao Goberno polo lexislador no marco desta lei.

II

A Directiva de OPAS é froito dun longo e complicado proceso de elaboración, que chegou a durar cerca de quince anos. Esta directiva establece un marco mínimo común para a regulación das ofertas públicas de adquisición das sociedades cuxas accións estean, polo menos parcialmente, admitidas a negociación nun mercado regulado. Así, a directiva parte da necesidade de «protexer os intereses dos titulares de valores de sociedades cando estas sexan obxecto dunha oferta pública de adquisición ou dun cambio de control». Para iso a directiva inclúe unha serie de principios que se deberán respectar na súa transposición: todos os accionistas deberán recibir un trato equivalente e deberán contar con tempo e información suficientes para adoptar unha decisión sobre a oferta; o órgano de administración da sociedade afectada deberá obrar en defensa dos intereses da sociedade no seu conxunto; non se deberán crear falsos mercados dos valores da sociedade afectada, da oferente ou de calquera outra sociedade interesada pola oferta; un oferente deberá anunciar unha oferta unha vez que se asegure de que pode facer fronte integramente á contraprestación a que se compromete; a sociedade afectada non deberá ver as súas actividades obstaculizadas durante máis tempo do razoable.

Ademais da necesidade de traspoñer a directiva comunitaria, esta lei ten como obxectivo modificar algúns aspectos do réxime vixente para garantir que as ofertas públicas de adquisición se leven a cabo nun marco legal completo e con total seguridade xurídica.

III

A directiva de transparencia responde á necesidade do mercado de valores de dispoñer de información abundante e veraz para o seu correcto funcionamento. Esta directiva, xunto ás medidas comunitarias adoptadas nos ámbitos dos estándares internacionais de contabilidade, o réxime de abuso de mercado e os folletos dunha oferta pública de valores ou dunha admisión a negociación conforman o réxime harmonizado europeo sobre a información que lle deben dar os emisores de valores ao público.

Concretamente, os dous aspectos fundamentais sobre os que se centra a directiva son, por un lado, a elaboración de informes periódicos -anual, semestral e trimestral-, e, por outro lado, o réxime de comunicación de participacións significativas no capital de sociedades cotizadas. Ademais, recóllense determinadas regras sobre a información que os emisores deben dar aos seus accionistas ou tedores de débeda en relación, principalmente, coa celebración de xuntas xerais ou reunións de obrigacionistas. Trátase dunha directiva de mínimos, que lles permite aos Estados membros impoñerlles condicións máis estritas a aqueles emisores para os que sexan Estados membros de orixe.

IV

As modificacións que se introducen na Lei do mercado de valores non se ordenan por materias, senón pola orde dos artigos que se modifican. Así, o artigo 1 modifica o artigo 34 da Lei do mercado de valores, co obxecto de introducir algunhas melloras no réxime aplicable á exclusión de negociación dun valor. Deste modo, as sociedades cotizadas que pretendan deixar de cotizar no mercado deberán promover unha OPA dirixida a todos os valores afectados pola exclusión.

O artigo 2 modifica o artigo 35 da Lei do mercado de valores e introduce o réxime da información periódica, é dicir, os informes anual, semestral e trimestral que o emisor debe elaborar, publicar e difundir, así como remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores (en diante, CNMV).

O artigo 3 introduce nun novo artigo 35.bis na Lei do mercado de valores outras obrigas de información dos emisores, como son a obriga de facer público e difundir calquera cambio nos dereitos inherentes aos valores, facilitar o exercicio dos dereitos sociais dos accionistas e tedores de débeda e comunicarlle á CNMV o proxecto de modificación dos seus estatutos, se é o caso.

O artigo 4 introduce un novo artigo 35.ter na Lei do mercado de valores, relativo á responsabilidade dos emisores pola elaboración e publicación de determinada información regulada. Neste punto a lei segue o modelo utilizado para a transposición do réxime da Directiva de folletos (2003/71/CE, do 4 de novembro), relativo á responsabilidade pola elaboración e publicación do folleto informativo para os casos de oferta pública de valores ou solicitude de admisión a negociación nun mercado regulado, que foi plasmado no artigo 28 da Lei do mercado de valores, tras a modificación operada nesta polo Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

O artigo 5 modifica o artigo 53 da Lei do mercado de valores co obxecto de incorporar o réxime de comunicación ao emisor e á CNMV da adquisición ou perda de

participacións significativas de accións con dereito de voto no capital social do emisor, ou de instrumentos financeiros que dean dereito a adquirir tales valores.

O artigo 6 completa este réxime establecendo, nun novo artigo 53.bis, a obriga do emisor de comunicar á CNMV, publicar e difundir as operacións que realice coas súas propias accións.

O artigo 7 introduce un novo artigo 53.ter na Lei do mercado de valores. Recolle a posibilidade de que a CNMV adopte medidas preventivas en relación con emisores e demais persoas obrigadas suxeitos á supervisión de organismos análogos á CNMV doutros Estados membros. Trátase dunha disposición común a outras directivas do ámbito dos servizos financeiros (abuso de mercado, folletos, mercados de instrumentos financeiros).

No artigo 8 amplíase o contido do capítulo V do título IV da Lei do mercado de valores para recoller, en sede legal, os supostos de feito que dan lugar á obriga de formular unha OPA polo 100 por cento do capital dunha sociedade, as obrigas do órgano de administración da sociedade obxecto dunha OPA, a posibilidade de introducir medidas de blindaxe e a figura da compravenda forzosa.

O artigo 9 adapta ás prescricións da Directiva de transparencia o réxime da publicación e difusión da información relevante contido no artigo 82 da Lei do mercado de valores. O artigo 10 consagra a potestade da CNMV, recollida na mesma directiva, de exixirles aos auditores do emisor canta información precise para desenvolver o seu labor supervisor e de exixirles aos emisores a publicación de información adicional ou correccións da información periódica. Para iso introdúcese un novo número 1.bis no artigo 85 da Lei do mercado de valores. O artigo 11 reorganiza a enumeración de rexistros públicos da CNMV, contida no artigo 92 da lei, establecendo con claridade como mecanismo central de almacenamento o rexistro de información regulada que exige a directiva.

Os artigos 12 e 13 modifican, respectivamente, os artigos 99 e 100 da Lei do mercado de valores, para introducir os tipos infractores precisos, moi graves e graves, para a sanción dos supostos de incumprimento das obrigas que introduce esta lei.

Por último, no artigo 14 introdúcese un novo artigo 116.bis na Lei 24/1988, do 28 de xullo, para incluír nova información que as sociedades terán que publicar no informe de xestión.

A lei contén ademais unhas disposicións adicional e transitorias para permitir un tránsito pacífico entre o antigo e o novo réxime, tanto de OPAS como de transparencia.

Artigo 1.

Dáse nova redacción ao artigo 34, da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 34. *Exclusión de negociación.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá excluír da negociación aqueles valores que non alcancen os requisitos de difusión, frecuencia ou volume de contratación que regulamentariamente se establezan, e aqueloutros cuxo emisor non cumpra as obrigas que lle incumban, en especial en materia de remisión e publicación de información. A devandita exclusión acordaraa a Comisión Nacional do Mercado de Valores por propia iniciativa ou por proposta dos organismos reitores dos correspondentes mercados secundarios oficiais. Sen prexuízo das medidas preventivas que se poidan adoptar, tales acordos tomaranse sempre logo de audiencia de sociedade emisora.

2. Cando unha sociedade acorde a exclusión de negociación das súas accións nos mercados ofi-

ciais españois deberá promover unha oferta pública de adquisición dirixida a todos os valores afectados pola exclusión.

Asimilaranse á exclusión de negociación aquelas operacións societarias en virtude das cales os accionistas da sociedade cotizada se poidan converter, total ou parcialmente, en socios doutra entidade non cotizada.

Regulamentariamente estableceranse as condicións para a fixación do prezo e demais requisitos das ofertas públicas previstas neste artigo.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispensar da obriga de formular unha oferta pública de adquisición naqueles supostos en que mediante outro procedemento equivalente se asegure a protección dos lexítimos intereses dos titulares de accións afectadas pola exclusión, así como a todas as obrigacións convertibles e demais valores que dean dereito á súa subscrición.

3. En caso de oferta previa á exclusión de negociación, o límite de adquisición de accións propias establecido no Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas para as accións cotizadas nun mercado secundario oficial, será o 10 por cento do capital social. Se como consecuencia da realización da oferta as accións propias superasen este límite, deberán ser amortizadas ou alleadas no prazo dun ano.

4. O acordo de exclusión e os relativos á oferta e ao prezo ofrecido deberán ser aprobados pola Xunta Xeral de Accionistas.

5. Ao tempo da convocatoria dos órganos sociais que deban aprobar a oferta, porase á disposición dos titulares dos valores afectados un informe dos administradores en que se xustifique detalladamente a proposta e o prezo ofrecido.»

Artigo 2.

Dáse nova redacción ao artigo 35 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 35. *Obrigas de información periódica dos emisores.*

1. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán o seu informe financeiro anual no prazo máximo de catro meses desde a finalización de cada exercicio, e deberanse asegurar de que se mantén á disposición do público durante polo menos cinco anos. Así mesmo, someterán as súas contas anuais a auditoría de contas. O informe de auditoría farase público xunto co informe financeiro anual.

O informe financeiro anual comprenderá as contas anuais e o informe de xestión revisados polo auditor co alcance definido no artigo 208 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, así como as declaracións de responsabilidade do seu contido.

2. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións ou valores de débeda estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán un informe financeiro semestral relativo aos seis primeiros meses do exercicio, no prazo máximo de dous meses desde a finalización do período correspondente. Os emisores deberanse asegurar

de que o informe se mantén á disposición do público durante polo menos cinco anos.

Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea estarán obrigados ademais a facer público e difundir un segundo informe financeiro semestral referido aos doce meses do exercicio no prazo máximo de dous meses desde a finalización do período correspondente. Esta obriga non será de aplicación cando o informe financeiro anual se faga público nos dous meses seguintes á finalización do exercicio a que se refire.

O informe financeiro semestral comprenderá: as contas anuais resumidas, un informe de xestión intermedio e as declaracións de responsabilidade sobre o seu contido.

Para os efectos do disposto neste artigo e no seguinte, entenderase por valores de débeda as obrigacións e aqueles outros valores negociables que recoñezan ou creen unha débeda, salvo os valores que sexan equivalentes ás accións ou que, pola súa conversión ou polo exercicio dos dereitos que confiren, dean dereito a adquirir accións ou valores equivalentes ás accións.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 82 desta lei, cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán, con carácter trimestral durante o primeiro e segundo semestre do exercicio, unha declaración intermedia de xestión que conteña, polo menos:

a) Unha explicación dos feitos e operacións significativos que tivesen lugar durante o período correspondente e a súa incidencia na situación financeira do emisor e das súas empresas controladas, e

b) Unha descrición xeral da situación financeira e dos resultados do emisor e as súas empresas controladas durante o período correspondente.

Non se lles exixirá a declaración intermedia de xestión aos emisores que publiquen informes financeiros trimestrais.

4. A información periódica a que se refiren os números anteriores deberase remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando España sexa Estado membro de orixe nos termos que se establezan regulamentariamente, para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 92 desta lei.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobará que a información periódica se elaborou de conformidade coa normativa aplicable, ou procederá, no caso contrario, a requirir o seu cumprimento.

5. Non estarán suxeitos ao cumprimento do disposto nos números anteriores deste artigo:

a) Os Estados membros da Unión Europea, as comunidades autónomas, os entes locais e as demais entidades análogas dos Estados membros da Unión Europea, os organismos públicos internacionais dos cales sexa membro polo menos un Estado membro da Unión Europea, o Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais dos Estados membros da Unión Europea, emitan ou non accións ou outros valores; e

b) Os emisores que teñan unicamente emisións vivas de valores de débeda admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou outro mercado regulado domiciliado na Unión Europea cuxo valor nominal unitario sexa polo menos 50.000 €.

6. Cando España sexa Estado membro de orixe, non estarán suxeitos ao cumprimento do disposto no número 2 os emisores constituídos antes do 31 de decembro de 2003 que teñan exclusivamente valores de débeda admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, cando os devanditos valores contén coa garantía incondicional e irrevogable do Estado, as súas comunidades autónomas ou entes locais.

7. Regulamentariamente estableceranse:

a) Os prazos e demais requisitos para a remisión á CNMV da información financeira.

b) Os requisitos para a publicación e difusión da información periódica.

c) Os prazos para a publicación da información trimestral.

d) O contido da declaración de responsabilidade, así como os órganos ou persoas do emisor que deberán realizala.

e) O contido da información financeira semestral e trimestral e, se é o caso, as adaptacións e excepcións que correspondan para determinadas categorías de valores, mercados ou emisores.

f) Os principios contables aceptables para emisores de Estados non membros da Unión Europea.

g) Calquera outro aspecto que sexa necesario para a aplicación deste artigo e en particular o contido da información que se precise para a publicación de estatísticas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

8. O disposto neste artigo e no artigo seguinte non será de aplicación aos fondos de investimento e sociedades de investimento colectivo de capital variable a que se refire a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Artigo 3.

Introdúcese un novo artigo 35.bis da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 35.bis. *Outras obrigas de información.*

1. Os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, cando España sexa Estado membro de orixe, farán público e difundirán todo cambio nos dereitos inherentes aos devanditos valores. Igualmente farán pública e difundirán información sobre as novas emisións de débeda. Os emisores remitiránlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores a devandita información para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 92 desta lei.

Regulamentariamente estableceranse as excepcións á obriga establecida no parágrafo anterior, os requisitos para a publicación e difusión desta información así como para a súa remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Os emisores cuxas accións ou obrigacións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea aseguraranse de que todos os mecanismos e a información necesarios para permitir que os accionistas e os tedores de obrigacións exerzan os seus dereitos estean dispoñibles en España, cando sexa o Estado membro de orixe, e de que se preserve a integridade dos datos. Para tales efectos, para os emisores de accións que cotizan nun mercado secundario oficial esta obriga entenderase cumprida mediante a aplicación do disposto no artigo 117 desta lei e as súas normas de desenvolve-

mento. Regulamentariamente estableceranse os requisitos aplicables ao resto dos emisores. O disposto nesta epígrafe non será de aplicación aos valores emitidos polos Estados membros da Unión Europea, as comunidades autónomas, os entes locais e as demais entidades análogas dos Estados membros.

3. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea que propoñan modificar o seu documento de constitución ou os seus estatutos comunicaranlle, á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao mercado ou mercados onde estean admitidos a negociación os seus valores, o proxecto de modificación, nos termos que se establezan. Esta comunicación efectuarase sen demora e, en todo caso, na data de convocatoria da xunta xeral que debe votar a modificación ou que debe ser informada desta.»

Artigo 4.

Introdúcese un novo artigo 35.ter na Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 35.ter. *Responsabilidade dos emisores.*

1. A responsabilidade pola elaboración e publicación da información a que se fai referencia nos números 1 e 2 do artigo 35 desta lei deberá recaer, polo menos, sobre o emisor e os seus administradores de acordo coas condicións que se establezan regulamentariamente.

2. De acordo coas condicións que se determinen regulamentariamente, o emisor e os seus administradores serán responsables de todos os danos e perdas que lles ocasionasen aos titulares dos valores como consecuencia de que a información non proporcione unha imaxe fiel do emisor.

A acción para exixir a responsabilidade prescribirá aos tres anos desde que o reclamante puidese ter coñecemento de que a información non proporciona unha imaxe fiel do emisor.»

Artigo 5.

Dáse nova redacción ao artigo 53 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 53. *Obrigas do accionista e dos titulares doutros valores e instrumentos financeiros.*

1. O accionista que, directa ou indirectamente, adquira ou transmita accións dun emisor para o que España sexa Estado de orixe, nos termos que se establezan regulamentariamente, cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou en calquera outro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, e que atribúan dereitos de voto, e, como resultado das devanditas operacións, a proporción de dereitos de voto que quede no seu poder alcance, supere ou se reduza por debaixo das porcentaxes que se establezan, deberalle notificar ao emisor e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nas condicións que se sinalen, a proporción de dereitos de voto resultante.

A obriga contida no parágrafo anterior aplicarase tamén cando a proporción de dereitos de voto supere, alcance ou se reduza por debaixo das porcentaxes a que se refire o parágrafo anterior a consecuencia dun cambio no número total de dereitos de voto dun emisor sobre a base da información comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores e feita pública.

2. As obrigas establecidas no punto anterior serán tamén aplicables a calquera persoa que, con

independencia da titularidade das accións, teña dereito a adquirir, transmitir ou exercer os dereitos de voto atribuídos por estas, nos casos que se determinen regulamentariamente.

3. Igualmente, aplicarase o disposto nos puntos anteriores a quen posúa, adquira ou transmita, directa ou indirectamente, outros valores e instrumentos financeiros que confiran dereito a adquirir accións que atribúan dereitos de voto, nos termos que se determinen regulamentariamente.

4. As obrigas establecidas nos puntos anteriores tamén serán de aplicación cando se produza a admisión a negociación por primeira vez nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea das accións dun emisor para o que España sexa Estado de orixe.

5. Cando quen se encontre nos casos previstos nos puntos anteriores sexa administrador do emisor, ademais de cumprir coa obriga de comunicar calquera operación realizada sobre accións do emisor ou sobre valores ou outros instrumentos financeiros referenciados ás devanditas accións, deberalle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a participación que tivese no momento do seu nomeamento e cesamento.

Os directivos do emisor estarán obrigados a notificar aquelas operacións a que se refire o artigo 83.bis.4 desta lei.

6. O emisor deberá facer pública e difundir a información a que se refiren os puntos anteriores.

7. Regulamentariamente determinaranse a forma, o prazo e as demais condicións para o cumprimento das obrigas establecidas neste artigo así como, se é o caso, os supostos excepciónados do cumprimento destas obrigas.

8. O disposto neste artigo non será de aplicación aos partícipes e accionistas en fondos e sociedades de investimento colectivo de capital variable a que se refire a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Artigo 6.

Introdúcese un novo artigo 53.bis na Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 53.bis. *Obrigas do emisor en relación á autocartera.*

Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea deberanlle comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores, facer públicas e difundir as operacións sobre as súas propias accións, nos termos que se establezan regulamentariamente, cando a proporción alcance, supere ou se reduza nas porcentaxes que se determinen. Esta información incorporarase ao rexistro oficial regulado no artigo 92 desta lei.

O disposto neste artigo non será de aplicación ás sociedades de investimento colectivo de capital variable a que se refire a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Artigo 7.

Introdúcese un novo artigo 53.ter na Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 53.ter. *Medidas preventivas.*

1. Cando España sexa Estado membro de acoillida nos termos que se establezan regulamentariamente, a Comisión Nacional do Mercado de Valores

deberá informar a autoridade competente do Estado membro de orixe se observa que o emisor, o redor de accións ou outros instrumentos financeiros ou a persoa física ou xurídica aludida no número 2 do artigo 53 cometeu irregularidades ou incumpriu as obrigas a que se refiren os artigos 35, 35.bis, 53 e 53.bis desta lei.

2. No caso de que, ben porque a autoridade do Estado membro de orixe non adoptase medidas, ben porque malia as medidas adoptadas pola autoridade competente do Estado membro de orixe ou debido a que as devanditas medidas resultasen inadecuadas, a persoa indicada no punto anterior persista na violación das oportunas disposicións legais ou regulamentarias, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, tras informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, adoptará todas as medidas pertinentes para protexer os investidores. A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará inmediatamente a Comisión Europea sobre as medidas adoptadas.»

Artigo 8.

Dáse nova redacción ao capítulo V do título IV da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«CAPÍTULO V

Das ofertas públicas de adquisición

Artigo 60. *Oferta pública de adquisición obrigatoria.*

1. Quedará obrigado a formular unha oferta pública de adquisición pola totalidade das accións ou outros valores que directa ou indirectamente poidan dar dereito á súa subscrición ou adquisición e dirixida a todos os seus titulares a un prezo equitativo quen alcance o control dunha sociedade cotizada, xa o consiga:

a) Mediante a adquisición de accións ou outros valores que confiran, directa ou indirectamente, o dereito á subscrición ou adquisición de accións con dereitos de voto na devandita sociedade;

b) Mediante pactos parasociais con outros titulares de valores; ou

c) Como consecuencia dos demais supostos de natureza análoga que regulamentariamente se establezan.

As obrigas a que se refire este capítulo entenderanse referidas a aquelas sociedades cuxas accións estean, en todo ou en parte, admitidas a negociación nun mercado secundario oficial español e teñan o seu domicilio social en España.

As obrigas a que se refire este capítulo aplicaranse tamén, nos termos que regulamentariamente se establezan, ás sociedades que non teñan o seu domicilio social en España e cuxos valores non estean admitidos a negociación nun mercado regulado no Estado membro da Unión Europea no cal a sociedade teña o seu domicilio social, nos seguintes casos:

a) Cando os valores da sociedade só estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

b) Cando a primeira admisión a negociación dos valores nun mercado regulado o fose nun mercado secundario oficial español.

c) Cando os valores da sociedade sexan admitidos a negociación simultaneamente en mercados regulados de máis dun Estado membro e nun mercado secundario oficial español, e a sociedade así o

decida mediante notificación aos devanditos mercados e ás súas autoridades competentes o primeiro día da negociación dos valores.

d) Cando o 20 de maio de 2006 os valores da sociedade xa estivesen admitidos a negociación simultaneamente en mercados regulados de máis dun Estado membro e nun mercado secundario oficial español e a Comisión Nacional do Mercado de Valores así o acordase coas autoridades competentes dos demais mercados en que se admitisen a negociación ou, a falta de acordo, así o decidise a sociedade.

Así mesmo, seralles de aplicación o disposto neste capítulo, nos termos que se determinen regulamentariamente, ás sociedades que teñan o seu domicilio social en España e cuxos valores non estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

Entenderase que o prezo é equitativo cando, como mínimo, sexa igual ao prezo máis elevado que pagou o obrigado a formular a oferta ou as persoas que actúen en concerto con el polos mesmos valores durante un período de tempo anterior á oferta determinado regulamentariamente e nos termos que se establezan. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá modificar o prezo así calculado nas circunstancias e segundo os criterios que se establezan regulamentariamente. Entre as mencionadas circunstancias poderanse incluír, entre outras, as seguintes: que o prezo máis elevado se fixase por acordo entre o comprador e o vendedor; que os prezos de mercado dos valores en cuestión fosen manipulados; que os prezos de mercado, en xeral, ou determinados prezos, en particular, se visen afectados por acontecementos excepcionais; que se pretenda favorecer o saneamento da sociedade. Entre os referidos criterios poderanse incluír, entre outros, o valor medio do mercado nun determinado período; o valor liquidativo da sociedade ou outros criterios de valoración obxectivos xeralmente utilizados.

No suposto de modificación do prezo a que se refire o parágrafo anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores publicará na súa páxina web a decisión de que a oferta se formule a un prezo distinto do equitativo. Esta decisión deberá ser motivada.

2. Para os efectos deste capítulo, entenderase que unha persoa física ou xurídica ten, individualmente ou de forma conxunta coas persoas que actúen en concerto con ela, o control dunha sociedade cando alcance, directa ou indirectamente, unha porcentaxe de dereitos de voto igual ou superior ao 30 por cento; ou ben, cando alcance unha participación inferior e designe, nos termos que se establezan regulamentariamente, un número de conselleiros que, unidos, se é o caso, aos que xa se designasen, representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores dispensará condicionalmente, nos termos que establezan regulamentariamente, da obriga de formular a oferta pública de adquisición establecida neste artigo cando outra persoa ou entidade, directa ou indirectamente, tivese unha porcentaxe de voto igual ou superior á que teña o obrigado a formular a oferta.

3. Quen incumpra a obriga de formular unha oferta pública de adquisición non poderá exercer os dereitos políticos derivados de ningún dos valores da sociedade cotizada cuxo exercicio lle corresponda por calquera título, sen prexuízo das sancións

previstas no título VIII desta lei. Esta prohibición será tamén aplicable aos valores posuídos indirectamente polo obrigado a presentar a oferta pública e a aqueles que correspondan aos que actúen concertadamente con el.

Para os efectos deste punto entenderase que incumpre a obriga de formular unha oferta pública de adquisición quen non a presente, a presente fóra do prazo máximo establecido ou con irregularidades esenciais.

Serán nulos os acordos adoptados polos órganos dunha sociedade cando para a constitución destes ou a adopción daqueles fose necesario computar os valores cuxos dereitos políticos estean suspendidos conforme o disposto neste punto.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores estará lexitimada para o exercicio das correspondentes accións de impugnación, no prazo dun ano contado desde que teña coñecemento do acordo, sen prexuízo da lexitimación que poida corresponder a outras persoas.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá impugnar os acordos do Consello de Administración da sociedade cotizada, no prazo dun ano contado desde que teña coñecemento destes.

4. Cando a contraprestación ofrecida consista en valores para emitir pola sociedade obrigada a formular a oferta entenderase que non existe o dereito de subscripción preferente considerado no artigo 158 do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas para os antigos accionistas e titulares de obrigacións convertibles.

5. Regulamentariamente estableceranse:

- a) Os valores a que se deberá dirixir a oferta;
- b) As regras e prazos para o cómputo da porcentaxe de votos que brinda o control dunha sociedade, tomando en consideración as participacións directas e indirectas, así como os convenios, acordos ou situacións de control conxunto;
- c) A persoa que estará obrigada a presentar a oferta pública de adquisición nos supostos de pactos parasociais e situacións de control sobrevido en que exista obriga de presentala;
- d) Os termos en que a oferta será irrevogable ou en que se poderá someter a condición ou ser modificada;
- e) As garantías exhibibles segundo que a contraprestación ofrecida sexa en diñeiro, valores xa emitidos ou valores cuxa emisión aínda non fose acordada pola sociedade ou entidade oferente;
- f) A modalidade de control administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, en xeral, o procedemento das ofertas públicas de adquisición;
- g) O réxime das posibles ofertas competidoras;
- h) As regras de rateo;
- i) As operacións exceptuadas deste réxime;
- j) O prezo equitativo, as formas de contraprestación e as excepcións, se é o caso, aplicables;
- k) A información que se deberá facer pública antes da presentación dunha oferta, unha vez adoptada a decisión de presentala, no transcurso desta e unha vez finalizada;
- l) O prazo en que se deberá presentar unha oferta pública de adquisición desde o seu anuncio público;
- m) As regras sobre a caducidade das ofertas;
- n) As regras aplicables á publicación dos resultados das ofertas;

o) A información que lles deberán subministrar os órganos de administración ou dirección da sociedade afectada e do oferente aos representantes dos seus respectivos traballadores ou, no seu defecto, aos propios traballadores, así como o procedemento aplicable á devandita obriga, iso sen prexuízo do establecido na lexislación laboral, e

p) Os demais extremos cuxa regulación se xulgue necesaria.

Artigo 60.bis. *Obrigas dos órganos de administración e dirección.*

1. Durante o prazo e nos termos que se determinen regulamentariamente, os órganos de administración e dirección da sociedade afectada ou das sociedades pertencentes ao seu mesmo grupo deberán obter a autorización previa da xunta xeral de accionistas segundo o disposto no artigo 103 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, antes de emprender calquera actuación que poida impedir o éxito da oferta, con excepción da busca doutras ofertas, e en particular antes de iniciar calquera emisión de valores que poida impedir que o oferente obteña o control da sociedade afectada.

Respecto das decisións adoptadas antes de se iniciar o prazo considerado no parágrafo anterior e aínda non aplicadas total ou parcialmente, a xunta xeral de accionistas deberá aprobar ou confirmar segundo o disposto no artigo 103 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, toda decisión que non se inscriba no curso normal de actividades da sociedade e cuxa aplicación poida frustrar o éxito da oferta.

No caso de que a sociedade afectada conte cun sistema de administración dual, o disposto nos parágrafos anteriores entenderase tamén aplicable ao Consello de Control.

A xunta xeral de accionistas a que se refire este punto poderá ser convocada quince días antes da data fixada para a súa celebración, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil e nun dos xornais de maior circulación na provincia, con expresión da data da reunión en primeira convocatoria e de todos os asuntos que se deban tratar.

O Boletín Oficial do Rexistro Mercantil publicará a convocatoria de forma inmediata á súa recepción.

2. As sociedades poderán non aplicar o disposto no punto anterior cando sexan obxecto dunha oferta pública de adquisición formulada por unha entidade que non teña o seu domicilio social en España e que non estea suxeita a tales normas ou equivalentes, incluídas as referidas ás regras necesarias para a adopción de decisións pola Xunta Xeral, ou ben, por unha entidade controlada por aquela, directa ou indirectamente, de acordo co disposto no artigo 4 desta lei.

Calquera decisión que se adopte en virtude do disposto no parágrafo anterior requirirá autorización da xunta xeneral de accionistas, segundo o disposto no artigo 103 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, adoptada, como máximo, 18 meses antes de que a oferta pública de adquisición se fixese pública.

3. O órgano de administración da sociedade afectada deberá publicar un informe detallado sobre a oferta nos termos e prazos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 60.ter. *Medidas de neutralización opcionais.*

1. As sociedades poderán decidir que se apliquen as seguintes medidas de neutralización:

a) A ineficacia, durante o prazo de aceptación da oferta, das restricións á transmisibilidade de valores previstas nos pactos parasociais referidos á devandita sociedade.

b) A ineficacia, na xunta xeral de accionistas que decida sobre as posibles medidas de defensa a que se refire o artigo 60.bis.1 desta lei, das restricións ao dereito de voto previstas nos estatutos da sociedade afectada e nos pactos parasociais referidos á devandita sociedade.

c) A ineficacia das restricións consideradas nas letras anteriores, cando tras unha oferta pública de adquisición o oferente alcance unha porcentaxe igual ou superior ao 75 por cento do capital que confira dereitos de voto.

2. A decisión de aplicar este artigo deberaa adoptar a xunta xeral de accionistas da sociedade, segundo o disposto no artigo 103 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e comunicarse á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos supervisores dos Estados membros en que as accións da sociedade estean admitidas a negociación, ou se solicítase a admisión. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facer pública esta comunicación nos termos e no prazo que se fixe regulamentariamente.

En calquera momento a xunta xeral de accionistas da sociedade poderá revogar a decisión de aplicar este artigo segundo o disposto no artigo 103 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro. A maioría exixida en virtude deste parágrafo debe coincidir coa exixida en virtude do parágrafo anterior.

3. Cando a sociedade decida aplicar as medidas descritas no número 1 deberá prever unha compensación adecuada pola perda sufrida polos titulares dos dereitos alí mencionados.

4. As sociedades poderán deixar de aplicar as medidas de neutralización que tivesen en vigor, ao abeiro do disposto nos puntos precedentes, cando sexan obxecto dunha oferta pública de adquisición formulada por unha entidade ou grupo que non adoptase medidas de neutralización equivalentes.

Calquera medida que se adopte en virtude do disposto no parágrafo anterior requirirá autorización da xunta xeral de accionistas, segundo o disposto no artigo 103 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, adoptada, como máximo, 18 meses antes de que a oferta pública de adquisición se fixese pública.

5. Regulamentariamente poderanse establecer os demais extremos cuxa regulación se xulgue necesaria para o desenvolvemento do disposto neste artigo.

Artigo 60.quáter. *Compravendas forzosas.*

1. Cando, a resultas dunha oferta pública de adquisición pola totalidade dos valores nos termos dos artigos 60 e 61 desta lei, o oferente posúa valores que representen polo menos o 90 por cento do capital que confire dereitos de voto e a oferta fose aceptada por titulares de valores que representen polo menos o 90% dos dereitos de voto, distintos dos que xa constasen en poder do oferente:

a) O oferente poderalles exixir aos restantes titulares de valores que lle vendan os devanditos valores a un prezo equitativo.

b) Os titulares de valores da sociedade afectada poderán exixir do oferente a compra dos seus valores a un prezo equitativo.

2. Regulamentariamente establecerase o procedemento e os requisitos aplicables á compra-venda forzosa a que se refire o punto anterior.

Artigo 61. *Ofertas públicas de adquisición voluntarias.*

As ofertas públicas de adquisición de accións, ou de valores que confiran directa ou indirectamente dereitos de voto en sociedade cotizada, formuladas de modo voluntario, deberanse dirixir a todos os seus titulares, estarán suxeitas ás mesmas regras de procedemento que as ofertas consideradas neste capítulo e poderanse realizar, nas condicións que se establezan regulamentariamente, por un número de valores inferior ao total.

A oferta obrigatoria considerada no artigo 60 desta lei non será exixible cando o control se adquira tras unha oferta voluntaria pola totalidade dos valores, dirixida a todos os seus titulares e que cumprise todos os requisitos recollidos neste capítulo».

Artigo 9.

Dáse nova redacción ao artigo 82 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 82. *Consideración de información relevante, obrigados a difundila e publicidade.*

1. Considerarase información relevante toda aquela cuxo coñecemento poida afectar un investidor razoablemente para adquirir ou transmitir valores ou instrumentos financeiros e polo tanto poida influír de forma sensible na súa cotización nun mercado secundario.

2. Os emisores de valores están obrigados a facer pública e difundir inmediatamente ao mercado toda información relevante, nos termos que regulamentariamente se establezan. Así mesmo, remitiránlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores esa información para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 92 desta lei.

3. A comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores deberase facer simultaneamente á súa difusión por calquera outro medio e tan pronto como sexa coñecido o feito, se adoptase a decisión ou se asinase o acordo ou contrato con terceiros de que se trate. O contido da comunicación deberá ser veraz, claro, completo e, cando así o exixa a natureza da información, cuantificado, de maneira que non induza a confusión ou engano. Os emisores de valores difundirán tamén esta información nas súas páxinas da internet. Non obstante, cando a información relevante poida perturbar o normal desenvolvemento das operacións sobre os valores do emisor ou poñer en perigo a protección dos investidores, o emisor deberalle comunicar a información relevante, con carácter previo á súa publicación, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a difundirá inmediatamente.

4. Un emisor poderá, baixo a súa propia responsabilidade, atrasar a publicación e a difusión da información relevante cando considere que a información prexudica os seus intereses lexítimos, sempre que tal omisión non sexa susceptible de confundir o público e que o emisor poida garantir a confidencialidade da devandita información. O emi-

sor informará inmediatamente a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. Facúltase o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para desenvolver, respecto ás obrigas establecidas neste artigo, os procedementos e formas de efectuar as comunicacións anteriores, determinar o prazo durante o cal se publicará nas páxinas da internet dos emisores a información relevante, así como para precisar os demais extremos a que este se refire.»

Artigo 10.

Introdúcese un novo número 1.bis no artigo 85 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 85. *Facultades da CNMV en relación coas actuacións de comprobación ou investigación.*

1.bis A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no exercicio da función de comprobación da información periódica a que se refire o artigo 35.4 desta lei, ademais das competencias previstas no punto anterior, poderá:

a) Solicitar dos auditores de contas dos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, mediante requirimento escrito, cantas informacións ou documentos sexan necesarios, de conformidade co establecido na Lei 19/1988, do 11 de xullo, de auditoría de contas.

A revelación polos auditores de contas das informacións requiridas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores conforme o disposto neste artigo non constituirá incumprimento do deber de segredo.

b) Exixirles aos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea a publicación de informacións adicionais, conciliacións, correccións ou, se é o caso, reformulacións da información periódica».

Artigo 11.

Dáse nova redacción ao artigo 92 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 92. *Rexistros públicos en relación cos emisores.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores manterá, co carácter de rexistros oficiais, aos cales o público terá libre acceso:

a) Un rexistro das entidades que teñan encomendado o mantemento do rexistro contable correspondente a cada unha das emisións de valores representados mediante anotacións en conta.

b) Un rexistro que conterá os folletos informativos aprobados pola comisión en virtude do previsto nesta lei.

c) Un rexistro dos documentos a que se refire o artigo 6 e, en xeral, dos referidos na alínea b) do artigo 26 desta lei.

d) Un rexistro das empresas de servizos de investimento que operen en España e, se é o caso, dos seus administradores, directivos e asimilados.

e) Un rexistro das entidades previstas no número 2 do artigo 65 desta lei.

f) Un rexistro dos axentes ou apoderados que actúen con carácter habitual por conta das empresas de servizos de investimento.

g) Un rexistro de información regulada, que deberá incluír a información sinalada nos artigos 35, 35.bis.1, 53, 53.bis e 82 desta lei. Tamén se incluírán os requirimentos oficiais da comisión para a remisión, ampliación ou revisión do contido da información a que fai referencia o artigo 35.

h) Un rexistro en que, de conformidade co disposto no número terceiro do artigo 98, se farán constar as sancións impostas nos últimos cinco anos pola comisión de infraccións graves e moi graves ás persoas físicas e xurídicas suxeitas ao ámbito de supervisión, inspección e sanción previsto no título VIII desta lei.

A incorporación aos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores da información periódica e dos folletos informativos só implicará o recoñecemento de que aqueles conteñen toda a información requirida polas normas que fixen o seu contido e en ningún caso determinará responsabilidade da Comisión Nacional do Mercado de Valores pola falta de veracidade da información neles contida.

O rexistro oficial previsto na alínea g) terá a consideración de mecanismo central para o almacenamento da información a que se refire este artigo, nos termos que se establezan regulamentariamente.»

Artigo 12.

Dáse nova redacción ás alíneas m), p) e r) e introdúcese dúas novas alíneas r.bis) e r.ter) no artigo 99 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 99. *Infraccións moi graves*

Constitúen infraccións moi graves das persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 95 desta lei os seguintes actos ou omisións:

m) O incumprimento por parte das entidades a que se refiren os artigos 35 e 86 desta lei da obriga de someter as súas contas anuais e informe de xestión individuais e consolidados á revisión por parte do auditor de contas definida no artigo 35.1; o incumprimento das obrigas de remisión da información regulada prevista no artigo 35, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese, así como a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información financeira regulada con datos inexactos ou non veraces, ou de información enganosa ou que omite maliciosamente aspectos ou datos relevantes.

p) A inobservancia do deber de información previsto nos artigos 35.bis, 53 e 53.bis desta lei cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese.

r) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 60 e 61 desta lei e na normativa que se dite ao abeiro do disposto neste artigo. En particular:

O incumprimento da obriga de presentar unha oferta pública de adquisición de valores; a súa presentación fóra do prazo máximo establecido ou con irregularidades esenciais que lle impidan á Comisión Nacional do Mercado de Valores tela por presentada ou autorizala; ou a realización da oferta pública sen a debida autorización.

A falta de publicación ou de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información e documentación que se deba publicar ou enviar a aquela, como consecuencia de actuacións que obri-

guen á presentación dunha oferta pública de adquisición de valores, no seu transcurso ou unha vez finalizada, cando a información ou documentación afectada sexa relevante, ou a contía da oferta ou o número de investidores afectados sexa significativo.

A publicación ou a subministración de información ou documentación relativas a unha oferta pública de adquisición con omisión de datos ou con inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano, cando a información ou documentación afectada sexa relevante, ou a contía da oferta ou o número de investidores afectados sexa significativo.

r.bis) O incumprimento polos órganos de administración e dirección das obrigas establecidas no artigo 60.bis desta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

r.ter) O incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 34 e 60.ter desta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.»

Artigo 13.

Dáse nova redacción á alínea j) e introdúcese novas alíneas z), z.bis) e z.ter), no artigo 100 da Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 100. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves das persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 95 desta lei os seguintes actos ou omisións:

j) A falta de comunicación de informacións aos organismos reitores dos mercados secundarios, oficiais ou non, ou á Comisión Nacional do Mercado de Valores nos casos en que a devandita comunicación sexa preceptiva conforme esta lei, así como o incumprimento das obrigas de difusión e disposición pública de información contida nos artigos 35 e 35.bis. cando non constitúa infracción moi grave conforme o artigo anterior.

z) A falta de publicación ou de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información e documentación que se deba publicar ou que se deba enviar a aquela, como consecuencia de actuacións que obriguen á presentación dunha oferta pública de adquisición de valores, no transcurso desta ou unha vez finalizada, cando non sexa infracción moi grave de acordo co disposto na alínea r) do artigo anterior.

z.bis) A publicación ou a subministración de información ou documentación relativas a unha oferta pública de adquisición con omisión de datos ou con inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano, cando non fose infracción moi grave de acordo co disposto na alínea r) do artigo anterior.

z.ter) A falta de inclusión no informe de xestión das sociedades cotizadas da información exixida polo artigo 116.bis desta lei ou a existencia de omisións ou datos falsos ou enganosos.»

Artigo 14.

Introdúcese un novo artigo 116.bis na Lei do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Artigo 116.bis. *Información adicional que deberán incluír no informe de xestión.*

As sociedades a que se refire este título deberán incluír no informe de xestión información sobre os seguintes aspectos:

a) A estrutura do capital, incluídos os valores que non se negocien nun mercado regulado comunitario, con indicación, se é o caso, das distintas clases de accións e, para cada clase de accións, os dereitos e obrigas que confira e a porcentaxe do capital social que represente;

b) Calquera restrición á transmisibilidade de valores;

c) As participacións significativas no capital, directas ou indirectas;

d) Calquera restrición ao dereito de voto;

e) Os pactos parasociais;

f) As normas aplicables ao nomeamento e substitución dos membros do órgano de administración e á modificación dos estatutos da sociedade;

g) Os poderes dos membros do Consello de Administración e, en particular, os relativos á posibilidade de emitir ou recomprar accións;

h) Os acordos significativos que celebre a sociedade e que entren en vigor, sexan modificados ou conclúan en caso de cambio de control da sociedade a raíz dunha oferta pública de adquisición, e os seus efectos, agás cando a súa divulgación resulte seriamente prexudicial para a sociedade. Esta excepción non se aplicará cando a sociedade estea obrigada legalmente a dar publicidade a esta información;

i) Os acordos entre a sociedade e os seus cargos de administración e dirección ou empregados que dispoñan indemnizacións cando estes dimitan ou sexan despedidos de forma improcedente ou se a relación laboral chega á súa fin con motivo dunha oferta pública de adquisición.

O Consello de Administración presentalle anualmente un informe explicativo á xunta xeral de accionistas sobre os elementos considerados neste artigo.»

Disposición adicional. Réxime para determinados aumentos *na participación nunha sociedade cotizada.*

Quen á entrada en vigor desta lei posúa unha porcentaxe de dereitos de voto dunha sociedade cotizada igual ou superior ao 30 por cento e inferior ao 50 por cento quedará obrigado a formular unha oferta pública de adquisición nos termos do capítulo V do título IV da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, cando, con posterioridade á entrada en vigor desta lei, se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que adquira nun só acto ou en actos sucesivos accións da devandita sociedade ata incrementar a súa participación en, polo menos, un 5 por cento nun período de 12 meses.

b) Que alcance unha porcentaxe de dereitos de voto igual ou superior ao 50 por cento.

c) Que adquira unha participación adicional e designe un número de conselleiros que, unidos, se é o caso, aos que xa se designasen, representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade.

O Goberno poderá establecer os extremos que xulgue necesarios para a aplicación desta disposición así como as operacións exceptuadas deste réxime.

En calquera caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores dispensará condicionalmente, nos termos que se establezan regulamentariamente, da obriga de formular a oferta pública de adquisición establecida na alínea a), cando outra persoa ou entidade, directa ou indirectamente, tivese unha porcentaxe de voto igual ou superior á que teña o obrigado a formular a oferta.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para a comunicación de participacións significativas.*

En canto non se desenvolva regulamentariamente o contido do artigo 53 da Lei do mercado de valores, as entidades emisoras e os titulares de participacións significativas estarán obrigados a realizar as comunicacións na forma e condicións previstas no Real decreto 377/1991, do 15 de marzo, sobre comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e de adquisición por estas de accións propias, e no Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para determinadas ofertas públicas de adquisición.*

Esta lei aplicarase ás ofertas públicas de adquisición cuxa solicitude de autorización fose presentada na Comisión Nacional do Mercado de Valores e non fose autorizada con anterioridade á entrada en vigor da lei.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio para determinados aumentos na participación da sociedade cotizada anteriores á entrada en vigor desta lei.*

Quedará obrigado a formular unha oferta pública de adquisición nos termos do capítulo V do título IV da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores quen, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, adquirise unha participación na sociedade e designe con posterioridade á entrada en vigor da lei un número de conselleiros que, unidos, se é o caso, aos que xa se designasen, representen máis da metade dos membros do órgano de administración da sociedade. Esta disposición será de aplicación cando a designación se producise nos 24 meses seguintes á adquisición da participación.

Disposición derogatoria.

Derrógase o número 1 da disposición adicional primeira do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, así como cantas normas de igual ou inferior rango se o poñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2004/25/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa ás ofertas públicas de adquisición, e a Directiva 2004/109/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos catro meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7788 *LEI 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. («BOE» 89, do 13-4-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto básico do empregado público establece os principios xerais aplicables ao conxunto das relacións de emprego público, comezando polo do servizo aos cidadáns e ao interese xeral, xa que a finalidade primordial de calquera reforma nesta materia debe ser mellorar a calidade dos servizos que o cidadán recibe da Administración.

O Estatuto básico do empregado público contén aquilo que é común ao conxunto dos funcionarios de todas as administracións públicas, e máis as normas legais específicas aplicables ao persoal laboral ao seu servizo. Parte do principio constitucional de que o réxime xeral do emprego público no noso país é o funcional, reconece e integra a evidencia do papel crecente que no conxunto das administracións públicas vén desempeñar a contratación de persoal conforme a lexislación laboral para o desempeño de determinadas tarefas. Nese sentido, o Estatuto sintetiza aquilo que diferencia os que traballan no sector público administrativo, sexa cal for a súa relación contractual, dos que o fan no sector privado.

O Estatuto básico é un paso importante e necesario nun proceso de reforma, previsiblemente longo e complexo, que debe adaptar a articulación e a xestión do emprego público en España ás necesidades do noso tempo, en liña coas reformas que se veñen emprendendo ultimamente nos demais países da Unión Europea e na propia Administración comunitaria.

As administracións e entidades públicas de todo tipo deben contar cos factores organizativos que lles permitan satisfacer o dereito dos cidadáns a unha boa administración, que se vai consolidando no espazo europeo, e contribuír ao desenvolvemento económico e social. Entre eses factores, o máis importante é, sen dúbida, o persoal ao servizo da Administración.

O sistema de emprego público que permite afrontar estes retos é aquel que fai posible atraer os profesionais que a Administración necesita, que estimula os empregos para o cumprimento eficiente das súas funcións e responsabilidades, que lles proporciona a formación axeitada e lles brinda suficientes oportunidades de promoción profesional, ao mesmo tempo que facilita unha xestión racional e obxectiva, áxil e flexible do persoal, atendendo ao continuo desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Para iso, a lexislación básica da función pública debe crear o marco normativo que garanta a selección e a